

Acordo da Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos

A Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, na súa xuntanza ordinaria celebrada o día 9 de marzo de 2018, acordou¹:

- Aprobar a acta da xuntanza ordinaria do 23 de febreiro de 2018.
- Aprobar unha táboa de recoñecemento de créditos.
- Aprobar os seguintes criterios de admisión para as prazas asignadas por recoñecemento de 30 créditos ECTS:

Ordenarase ao alumnado pola nota media dos créditos recoñecidos multiplicada por un factor de corrección F que depende da titulación de procedencia:

- F=1 se provén dun Grao de Enxeñaría Aeroespacial ou titulación similar.
- F=0.9 se procede dun dos seguintes Graos en Enxeñaría ou titulación similar: Enx. Industrial, Enx. de Telecomunicacións, Enx. De Minas, Enx. Naval, Enx. Civil, Enx. Física.
- F=0.8 para o resto de titulacións.

Será a Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos a que decida sobre a similitude entre titulacións. En caso de empate, será seleccionada a persoa con maior número de créditos recoñecidos. En caso de persistir o empate, a selección farase pola media do expediente académico.

- Aceptar unha solicitude presentada por José Antonio Nóvoa López.
- Elaborar unha proposta de docencia en inglés en relación á convocatoria Ultraia 2020 para ser presentada en Xunta de Escola.

Ourense, 9 de marzo de 2018

O secretario

Ángel Paredes Galán

Dilixencia para facer constar que o presente escrito se publica oficialmente no taboleiro do centro e na páxina web da E.E.A.E, o día 12 de marzo de 2018.

O secretario

Ángel Paredes Galán

¹Toda a documentación orixinal pode consultarse na Secretaría de Dirección. Estes acordos publícanse nunha data anterior á da aprobación da acta da sesión.